



CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLIES
2ª CATEGORIA 2021
FEDERACIÓN GALLEGA DE AUTOMOVILISMO



REGULAMENTO PARTICULAR

PROBA: XIV RALLIE DE REGULARIDADE
MOUCHO DO CONDADO

PROVINCIA: PONTEVEDRA

DATA: 20 DE NOVEMBRO 2021

REGULAMENTO PARTICULAR





XIV RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO

Organiza **Escudería Surco**

PROTOCOLO COVID-19 NO XIV RALLYE MOUCHO DO CONDADO

Ante a situación actual ocasionada pola pandemia do Covid-19, e seguindo as indicacións das autoridades sanitarias, a escudería tomará as medidas necesarias para a correcta realización do evento, sendo de **obrigado cumprimento** por parte todos os equipos participantes.

- **Uso de mascarilla en todo momento** (verificacións administrativas, verificacións técnicas, parque pechado e durante o transcurso do rali)
- **Limitación de aforo en verificacións administrativas:** Só se permite o acceso de unha persoa por equipo o recinto. **Manter a distancia de seguridade en todo momento**
- A organización recorda os participantes que para evitar esperas a hora de verificar e para facilitar o tramite, e necesario traer toda a documentación necesaria (carné de conducir do piloto + permiso de circulación e ITV en vigor + RECIBO seguro en vigor)
- No interior do vehículo o uso da mascarilla será o mesmo que establecen as autoridades sanitarias
- **Non se realizará a cea despóis do rali**
- En caso de reclamacións ou rrevisión do resultado, os equipos dispoñen dunha folla no libro de ruta que teñen que cubrir e enviar por WhatsApp a organización para a valoración da mesma. En caso necesario a organización contactará co equipo afectado telefónicamente.

1. Programa

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR
20/10/21	10:00	Apertura de inscricións	ESCUDERÍA SURCO Rúa Marques de Viana,14 36450 Salvaterra de Miño  602245333 -  658307805 escuderiasurco@hotmail.com www.escuderiasurco.org
12/11/21	20:00	Peche de inscricións	
18/11/21	20:00	Publicación lista de inscritos	
20/11/21	15:00 a 17:00	Verificacións administrativas	Local a decidir En complemento
	15:00 a 17:30	Verificacións Técnicas "Entrega equipos GPS"	Local a decidir en complemento
	18:30	Saída 1º Participante a 1ª Sección	
	20.00	Recollida de pizzas	Restaurante o Castelo Vilasobroso
	20:10	Reagrupamento	Lugar a decidir en complemento
	20:40	Saída 1º Participante a 2ª Sección	Lugar a decidir en complemento
	22:40	Chegada 1º participante, fin de Rallye	Salvaterra de Miño
	00:40	Publicación Resultados Oficial	Paxina escuderia www.escuderiasurco.org
	1:00	Entrega de trofeos (So premiados)	Salon de Actos Casa de Cultura Salvaterra de Miño



2.- Organización.

Artigo 1.- Organización.

1.1.- Definición:

A Escudería Surco organiza o XIV Rallie de Regularidade Moucho do Condado que se desenrolará o día 20 de Novembro do 2021.

Este rallie de Regularidade disputarásede acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campeonatos e Copas de Galicia 2021, ás prescricións comúns para rallies de regularidade e o presente regulamento particular da proba.

Este regulamento foi aprobado pola Federación Galega de Automovilismo o día 21/10/2021. A Proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automovilismo número GA-032-ReC.

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

Escudería Surco

Rúa Marqués de Viana, 14
36450 Salvaterra de Miño - Pontevedra

 **625625113** -  **602242643**

escuderiasurco@hotmail.com



1.2.- Oficiais:

Presidente Escudería:

D.Manuel Carballo Logo DC1ª-0195-GA-AUT

Director de Carreira:

D.Alvaro Fernández González DC1ª-0193-GA-AUT

Xefe de Seguridade Vial:

D.Manuel Carballo Logo DC1ª-0195-GA-AUT



3. Modalidades Xeráis.

Artigo 2. Puntuabilidade.

O XIV Rallie de Regularidade Moucho do Condado e puntuable para o Campionato Galego de Rallies de 2ª categoría, (só para pilotos e acompañantes con licencia expedida pola F.G.A.)

Artigo 3. Descrición.

O XIV Rallie de Regularidade Moucho do Condado consiste nun percorrido de 94.30 km., dos cales 75.85kms. corresponden a treitos cronometrados de regularidade, por estradas asfaltadas abertas o tráfico, en unha etapa e unha sección.

No Libro de Ruta constan detallados o percorrido, etapas e seccións así como as neutralizacións e parques pechados.

Artigo 4.- Vehículos admitidos.

Serán admitidos todos os vehículos que cumpran as normativas vixentes para a súa circulación polas vías públicas. Antes do inicio da proba, a Organización efectuará un control administrativo dos vehículos, nos que se esixirá permiso de Circulación, ITV e Seguro Obligatorio, todos en vigor, e as medidas de seguridade obrigatorias (chaleco e triángulos), así como do permiso de conducción do piloto (sendo obrigatorio a súa presentación nas verificacións administrativas de todos os documentos mencionados anteriormente). Só os participantes no rallie de 2ª categoría da F.G.A., se comprobarán as licencias.

(Sera obrigatorio unha copia do recibo do seguro que se podrá enviar por correo a escuderiasurco@hotmail.com ou por WhatsApp o 602245333).

Artigo 5.- Solicitud de inscricións

5.1.- Toda persoa que dexese participar no XIV Rallie de Regularidade Moucho do Condado deberá remiti-la solicitud de inscrición, debidamente cumprimentada, á secretaria do Rallie por e-mail e abonar os dereitos de inscrición **antes das 20:00 do Venres 12 de Novembro de 2021.**

5.2.- O número de inscritos fíxase nun máximo de **100** vehículos.

5.3.- Os dereitos de inscricións poderán ser satisfeitos na secretaría da proba ou na entidade bancaria:

ABANCA ES52 2080 5608 42 3040000190
Antes das 20:00 do Venres 12 de Novembro do 2021.

Artigo 6.- Dereitos de Inscrición-Seguros.

6.1.- Os dereitos de inscricións fíxanse en:

-Equipo (Piloto + Copiloto) **75 €**

Os Equipos constarán dun conductor e un acompañante, estando prohibido o transporte de calquer outra persoa.

6.2.- A solicitud de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.

6.3.- Os dereitos de inscrición comprenden o seguro de responsabilidade a través da F.G.A. coa Compañía AIG EUROPE.



6.4.- Os dereitos de inscrición inclúen:

- Dorsais para pegar no coche e un libro de ruta para realizar o percorrido.
- Praca de Verificado, sendo obrigatorio colocala nun lugar visible na parte dereita do vehículo.
- Equipo completo de GPS para controlar os tempos por satélite.
- Seguro
- E pizza e auga

4.- Desenrolo da proba.

Artigo 7.- Hora oficial do Rallie.

Durante o transcurso do Rallie, a hora oficial será a emitida na páxina web www.time.is

Artigo 8.- Penalizacións.

O percorrido será secreto ata saída da proba, momento no que se entregará o libro de ruta, e estando terminantemente prohibido calquera tipo de recoñecemento do percorrido só pena de exclusión.

Dito percorrido deberá ser cuberto na súa totalidade, nos tempos determinados pola organización e cunha velocidade media sempre inferior a 50 kms/hora.

Ó seu paso polas poboacións, os equipos deben respetar absolutamente a Lei de Circulación, baixo pena de exclusión inmediata.

Os controis secretos non estarán nunca situados:

- nos 1 kms. seguintes á saída dunha poboación.
- nos 1 Kms. seguintes a un STOP
- antes dos 150 metros dun cruce con STOP
- nos 1 kms. seguintes á saída do treito de regularidade
- nos 500 metros seguintes á un cambio de media
- nos 500 metros seguintes a un paso elevado

Isto e para permitir que os equipos recuperen a media respetando en todo momento a Lei de Circulación.

O intervalo entre cada equipo será de 1 minuto.

Os controis realizaranse por GPS pola empresa Anube tomarán os tempos o segundo, sendo as penalizacións dun punto por cada segundo de diferenza coa hora teórica de paso (tanto por adianto como por retraso).

Un equipo que tarde mais de 10 minutos ou que non pase por un control secreto poderá seguir en carreira, cunha penalización máxima de 600 puntos por cada control secreto omitido.

Os vehículos preparados para participar en probas de regularidade clásicas (Vehículos clásicos anteriores o ano 1996), e vehículos posteriores ata a actualidade, con aparatos de medida distintos dos orixinais, (admítense os equipos de medida que teñen montados), pero terán unha penalización en función do tipo de aparato e por cada un dos controis, os cales serán:

- Sin aparato externo (só cos propios do vehículo).
Cero puntos de penalización por control.
- Con aparato electromecánicos ou mecánicos (retrotip I e II).
Só se admite 1 por vehículo
1 punto de penalización por control.



- Con aparatos dixitais.
 - So se admiten dous por vehículo.
 - De bicicleta ou similares con visor ou pantalla pequena.
 - 2 puntos de penalización por control.
 - Terratrip ou similares con visor ou pantalla grande.
 - 3 puntos de penalización por control.

Artigo 9.- Cronometraxe.

Dado que para o cronometraxe da proba necesítase incorporar un aparello especial no vehículo, será responsabilidade do participante que, una vez comece o rallye, este funcione correctamente. A cronometraxe será realizado co sistema de ANUBE. En caso de fallo do aparello de localización ou que este non transmita correctamente aplicarase este artigo: "En caso de mal funcionamento do localizador ou que este non transmita correctamente acharase a media de todos os controis do participante ata o momento en que deixou de emitir e aplicarase esta media ao resto dos controis ata fin do rallye".

ADVERTENCIA: Non se admiten nos vehículos (baixo pena de exclusión):

Computadores portátiles, PDAs ou similar,
teléfonos móbiles con especificacións de Smartphone usados en fins relacionados co evento, iPad, GPS, Blunik, Terratrip 404, táboas electrónicas nin pirámides, nin pantallas adicionais aos medidores establecidos.

A organización resérvase o dereito para revisar o vehículo, sen previo aviso, en calquera momento do Rallye.

Artigo 10.- Clasificación final.

Será gañador quen posúa, previo computo final, menos penalizacións acumuladas o paso polos diferentes controis secretos. No eido de existir algún empate, tomaráse como primeira referencia o vehículo que teña máis ceros nos controis, e de persistir o empate o que teña menos penalizacións no primeiro e así sucesivamente.

Artigo 11.- Premios.

Os Trofeos que se entregarán serán os seguintes:

- Os tres primeiros clasificados da Xeral Scratch.
- Primeiro equipo inscrito no campionato de rallyes de 2ª categoría da F.G.A. (con licencias ambos membros).
- Primeiro equipo clasificado con vehículo anterior ano 1996.
- Primeiro equipo clasificado Masculino.
- Primeiro equipo clasificado Femenino.
- Primeiro equipo clasificado Mixto (home e Muller).
- Primeiro equipo clasificado de Escudería Surco
- V Trofeo memorial Jose Manuel Pino "Miguel" o primeiro equipo clasificado con un vehículo marca Seat anterior ano 1996.



Don Manuel Carballo Logo, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC1^a-0195-GA-AUT solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da Proba á Federación Galega de Automobilismo.

En Salvaterra de Miño, a ____ de Outubro de 2021

Entidade: Escudería Surco

Asdo. (Presidente)

G-36.395.788

D. Manuel Carballo Logo
C.I.F.: 76914803-C



Rúa Marqués de Viana, 14
36450 Salvaterra de Miño - Pontevedra

Telf.:  625 62 51 13 – Téf.:  602 242 643
escuderiasurco@hotmail.com
www.escuderiasurco.org

FOLLA DE INSCRIPCIÓN XIV RALLIE MOUCHO DO CONDADO

Forma de Pago *	Datos de recepción *	DORSAL *
-----------------	----------------------	----------

*Datos a cubrir pola organización

ESCUDEIRA OU CLUB:

Participa no campionato de Rallie de 2ª Categoría	SI	NO	Nº Licencia Piloto	Nº Licencia Piloto
---	-----------	-----------	--------------------	--------------------

**Para participar nesta categoría deben de ter os dous membros licencia da F.G.A.

CONDUCTOR

Nome	Apellidos		
D.N.I.	Dirección	Nº	Piso
Poboación	Provincia	C.P.	
Teléfono	E-mail		

NAVEGANTE

Nome	Apellidos		
D.N.I.	Dirección	Nº	Piso
Poboación	Provincia	C.P.	
Teléfono	E-mail		

VEHÍCULO

Marca	Modelo	Ano	Cor
Matrícula	Compañía	Poliza nº	Valedeiro ata
Aparato Medidor:	Medidor propio	Regulador de Velocidade	Avisador de velocidade
	Terratrip	Mecánico Tipo Bici	Outro *(especificar)

Información Adicional e dereitos de inscrición

Os equipos constaran dun conductor e un acompañante, estando prohibido o transporte de calquer outra persoa.

Cota do equipo (piloto + copiloto) **75 €**

A inscrición inclúe: Equipo completo de GPSdocumentación necesaria para poder realizar a proba e seguro de responsabilidade civil.

Coa sinatura de este boletín, o equipo comprométese a:

- Respetar e cumprir as normas de circulación e o regulamento particular da proba, o cal declara coñecer.
- Eximir a organización, Oficiais da Proba e patrocinadores de toda responsabilidade polos danos que poida causar ou ocasionar antes, durante e despois da proba.
- Non cambiar o vehículo inscrito sin autorización expresa da Organización.
- **Ter o vehículo con seguro en vigor "Obrigatorio enviar recibo do seguro por correo escuderiasurco@hotmail.com ou wasap o 602245333", carnet de conducir en vigor, cartón de inspección técnica en vigor e as medidas de seguridade obrigatorias (chaleco e os triangulos), se acreditaran nas verificacións técnicas.**

- Data: _____ - Asinado: _____

Ingreso na conta bancaria da Escudería Surco de ABANCA **ES52 2080 5608 4230 4000 0190** A transferencia bancaria realizarase polo importe exacto da inscrición, enviar xustificante de pago ben por e-mail **escuderiasurco@hotmail.com** ou **Wasap o 602245333** , antes das **20:00 horas do 12 de Novembro do 2021. Importante indicar no concepto da transferencia o nome do conductor.**

Añadir posición na que quedastes os anos anteriores (ver resultados na web), no primer recadro a posición do piloto e no segundo a do copiloto

VI Rallie do Mouchou	P	C	VII Rallie do Mouchou	P	C	VIII Rallie do Mouchou	P	C	IX Rallie do Mouchou	P	C
X Rallie do Mouchou	P	C	XI Rallie do Mouchou	P	C	XII Rallie do Mouchou	P	C	XIII Rallie do Mouchou	P	C

Informámoste que toda a información persoal que proporcione será incluída nun ficheiro baixo a responsabilidade da Escudería Surco e serán tratados co obxectivo de xestionar a nosa relación comercial. Os datos proporcionados manteranse sempre que se manteña a relación comercial ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigacións legais. Ten dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando os seus datos persoais en Escudería Surco, polo tanto, ten dereito a acceder aos seus datos persoais, corrixir datos inexactos ou solicitar a supresión cando os datos non sexan necesarios, coa limitación do seu tratamento, ou para opoñerse ao tratamento, así como o dereito á portabilidade dos datos, contactando a Escudería Surco a través de escuderiasurco@hotmail.com ou na dirección **Rúa Marqués de Viana, nº 14, 36450 - Salvaterra de Miño.**